

**Acordo do Consello de Goberno do 28/02/2018 de modificación do artigo 9. Comisións de selección da Normativa que regula os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios (Aprobada por acordo do Consello de Goberno do 10 de decembro de 2008)**

O Real decreto 1313/2007, de 5 de outubro, polo que se regula o réxime dos concursos de acceso a corpos docentes universitarios regula no seu artigo 6 que “2. Os membros das Comisiones pertencerán a un corpo igual, equivalente ou superior ao da praza obxecto do concurso. O profesorado das universidades dos Estados membros da Unión Europea que acadasen en aquelas una posición equivalente ás de Catedrático ou Catedrática ou Profesor ou Profesora Titular de Universidade poderán formar parte destas Comisións sempre que as universidades contemplen esta posibilidade nos seus Estatutos.”

O Artigo 81. 1. dos Estatutos da Universidade da Coruña establece que “As comisións de selección do persoal acreditado estarán compostas por cinco membros da área de coñecemento da praza obxecto do concurso que cumpran os requisitos esixidos pola Lei orgánica de universidades”

O artigo 57.2 da Lei Orgánica de Universidades establece como requisitos para formar parte das comisións de selección ser “Catedráticos para a acreditación ao corpo de Catedráticos de Universidade, e Catedráticos e Profesores Titulares para a acreditación ao corpo de Profesores Titulares de Universidade.

*Igualmente, teñan ou non una relación de servizos coa Universidade e con independencia do tipo de relación, poderán formar parte de estas comisións expertos españois, así como ata un máximo de dous expertos nacionais doutros Estados Membros da Unión Europea ou estranxeiros. Estes expertos deberán poder ser considerados profesionais de recoñecido prestixio científico ou técnico.”*

A disposición adicional cuarta do Real Decreto 1312/2007, de 5 de outubro, por el que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios inclúe sobre o profesorado de universidades de Estados membros da Unión Europea as seguintes disposicións:

*“1. O profesorado das universidades dos Estados membros da Unión Europea que acadasen en aquelas unha posición equivalente ás de catedráticos ou profesor titular de universidade será considerado acreditado para os efectos do previsto neste real decreto.*

*2. A certificación de dita posición equivalente será realizada pola Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación a solicitude do interesado, de acordo co procedemento que establece a Agencia*

*3. O profesorado ao que se refire o apartado 1 poderá formar parte das comisións de acreditación reguladas neste real decreto nas mesmas condicións que os funcionarios pertencentes aos corpos docentes universitarios”*

Co fin de adaptar a normativa propia da UDC ao Real decreto 1313/2007 acórdase que se engada o seguinte parágrafo ao final do artigo 9.1 da Normativa que regula os concursos de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios (Aprobada por acordo do Consello de Goberno do 10 de decembro de 2008):

*“O profesorado universitario das universidades dos Estados membros da Unión Europea que acadasen en aquelas una posición equivalente ás de Catedrático ou Catedrática ou Profesor ou Profesora Titular de Universidade, segundo o caso, poderá formar parte destas Comisións até un máximo de dous. Dita posición equivalente debera estar certificada pola Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA), de acordo co procedemento que estea establecido”.*